

14-N

FOLGA XERAL de obreiros e estudantes

- ▶ **¡Retirada inmediata da contrarreforma franquista e de todos os recortes!**
- ▶ **¡En defensa dun ensino público digno, gratuíto e democrático!**



Wert dimisión!

A Folga Xeral convocada polo Sindicato de Estudantes os pasados 16, 17 e 18 de Outubro foi un éxito histórico. Durante tres días millóns de mozos baleiramos as aulas dos centros de estudo ao longo e ancho de todo o estado, e organizamos máis de cen manifestacións nas que participamos máis de 250.000 compañeiros. Nesas 72 horas de folga xeral, contamos co apoio e a solidariedade activa de miles de profesores e dos nosos pais, que se uniron a nós na xornada do 18.

Nestes tres días de loita, a mocidade mandou unha mensaxe clara ao goberno do Partido Popular e ao seu ministro de Educación: non imos permitir que desmanteledes a educación pública e nos devolvades a un sistema educativo similar ao que tiveron que padecer os nosos pais durante a ditadura franquista. Non aceptamos máis recortes nas nosas condicións de vida, nin de estudo. Basta de criminalizar aos mozos e basta de mentiras. Non nos digades que non hai diñeiro: en só un ano de goberno, Rajoy entregou decenas de miles de mi-

llóns de euros do erario público á gran banca, aos especuladores, en concepto de pago de intereses da débeda e en subvencións directas, só a Bankia máis de 26.000 millóns! E todo este diñeiro saíu, entre outras cousas, de despedir a 50.000 profesores, aumentar as taxas universitarias un 60%, e eliminar as becas de libros, comedores e transporte. ¡Non tendes vergoña!

A CONTRARREFORMA DE WERT QUERE EXPULSARNOS DO SISTEMA EDUCATIVO

A contrarreforma franquista impulsada por Wert pretende impoñer ata tres reválidas —auténticas selectividades— coas que ir expulsando a miles de mozos do sistema educativo antes de que poidamos chegar á universidade ou tan sequera ao bacharelato ou á FP de Grao Superior. Ao chegar a 4º da ESO o PP impón a primeira das súas novas selectividades, que de non ser superada impedirá que se poida acceder ao Bacharelato ou á FP de Grao Medio. Se esta nova selectividade se aproba, aínda quedarán dúas reválidas máis que superar: unha ao finalizar 2º de Bacharelato e outra a realizar na universidade á que queiramos acceder. A maiores disto, as medidas adoptadas polo PP para expul-



Sindicato de Estudantes

sarnos do sistema educativo complementarase coa imposición de itinerarios desde 3º da ESO segundo os resultados académicos, e así desviar a miles de alumnos a unha FP de Grao Medio masificada e cada vez cunha menor calidade educativa.

Estas medidas, que se completan coa redución drástica das becas e o incremento salvaxe das taxas académicas en universidade e en FP, afectan de cheo aos estudantes de familias traballadoras e con menos recursos económicos, posto que quen ten recursos dabondo non ten problemas en pagar academias, clases particulares, profesores de reforzo, matrículas, másters privados ou o que faga falta. Pero nós só temos a escola pública, e se cada vez está máis asfixiada economicamente e con menos profesores e recursos, a calidade educativa resentirase, aumentando o fracaso escolar e empurrándonos fóra do sistema educativo. E é que esta reforma do PP ten unha lóxica aplastante. Este goberno, que defende os intereses dos privilexiados e os banqueiros, pensa que é un gasto pouco "rendible" o ensino público: se á fin e ao cabo o destino que nos agarda a millóns de mozos é o desemprego, os empregos precarios e os salarios miserables ¡Que estuden só os fillos dos ricos, que se privatice o ensino! Por iso temos que loitar con todas as nosas forzas para botar atrás esta contrarreforma e que Wert dimita.

TODOS Á FOLGA XERAL DO 14-N. ¡OBREIROS E ESTUDANTES UNIDOS ADIANTE!

Comisións Obreiras, UXT, CIG e centos de organizacións e colectivos convocamos folga xeral para o 14 de novembro, algo no que desde facía meses viñamos insistindo desde o Sindicato de Estudantes. Como sempre explicamos, a nosa loita pola defensa do ensino público de calidade, gratuíto e democrático, forma parte doutra máis ampla, contra o paro xuvenil, os recortes sociais, contra a privatización da sanidade, contra as contrarreformas laborais e das pensións, pola defensa das condicións de vida da maioría da poboación.

O Sindicato de Estudantes chama a todos os mozos, a tódolos estudantes, a paralizar tódolos Institutos e Universidades o 14 de novembro. Ese día debemos saír masivamente ás rúas, xunto cos traballadores e as súas organizacións, para esixir a retirada da contrarreforma educativa do PP, así como a dimisión do ministro Wert. Esta reivindicación será ademais un eixe da Folga Xeral tal como quedou aprobado no Cumio Social estatal.

O PP está completamente deslexitimado. Chegaron ao goberno mentindo, cun programa electoral cheo de demagogia que xamais cumpriron, e desde o primeiro día puxéronse a gobernar en beneficio dos grandes poderes económicos, os bancos e os especuladores. Millóns de persoas abarrotamos as rúas nestes meses, en mobilizacións de pro-

testa que non teñen precedentes: desde o 15-M, a folga xeral do 29-M, a marcha mineira, as manifestacións do 19 de xullo, as do 25-S rodeando o Congreso... a lista é interminable. O PP só respondeu coa criminalización da protesta social e a represión policial. Non ten ningún argumento máis. Pero esta forma de actuar demostra a súa debilidade, a súa falta de apoio social. Por iso necesitamos ampliar, entender, e organizar a mobilización. Como berramos nas manifestacións: ¡Si se pode, e todo xuntos e unidos o 14-N podemos poñer a primeira pedra na caída deste goberno para defender o presente e o futuro da mocidade!

Desde o sindicato de Estudantes chamamos á creación de Comités de Loita en tódolos Institutos e Universidades e a realizar asembleas de estudantes, profesores e pais e nais para asegurar o éxito da folga xeral e a participación masiva nas manifestacións. Os próximos meses e anos serán de loita frontal contra os que pretenden condenarnos ao paro, á precariedade, aos baixos salarios e á ignorancia. Contra os que reprimen os nosos dereitos e nos criminalizan cando nos levantamos esixindo xustiza social. Por iso a tarefa de organizarnos en todos os institutos e facultades é fundamental: constrúe o Sindicato de Estudantes para mobilizarnos de xeito unificado en defensa dos nosos intereses.

Proposta de tarefas para os Comités de Loita e Asembleas para o éxito da Folga Xeral do 14-N

- 1. Organizar Asembleas de estudantes, profesores e pais e nais en tódolos Institutos e Universidades**, para debater sobre a contrarreforma de Wert e as reivindicacións do movemento, e que se vote a folga. O día 13 de novembro podería ser unha xornada onde concentrar estas asembleas e mobilizar a toda a comunidade educativa de cara a asegurar a participación masiva o 14.
- 2. Realización de pancartas e carteis** para poñer nos centros de estudo e nos nosos barrios coas reivindicacións esenciais.
- 3. Imprimir as follas e os carteis da folga** que están na web do SE (www.sindicatodeestudiantes.net) e pegalos en marquesinas, paredes e puntos neurálxicos para que se vexa que os estudantes tamén participaremos activamente o 14-N.
- 4. O 13-N pola noite participar nos piquetes informativos xunto cos traballadores.** O 14-N organizar cortesxos estudantiles nas manifestacións que celebraremos xunto aos traballadores e as súas organizacións.
- 5. Crear o Sindicato de Estudantes nos institutos e facultades.** Legalizar a Asociación do SE e coordinala coas do resto do Estado.

www.sindicatodeestudiantes.net

sindicato@sindicatodeestudiantes.net



@SindicaEstudian • www.facebook.com/sindicato.estudiantesdacorunha
www.facebook.com/sindicatodeestudiantes.vigo • www.facebook.com/Sindicato.de.Estudiantes

Coruña: 656 457 257 • Compostela: 679 500 266 • Ferrol: 678 420 888 • Lugo: 615 631 072 • Vigo: 630 431 613
Galiza: Rúa Casas Reais 8, 1er piso, Compostela - Tif: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248
galiza / acorunha / santiago / vigo @sindicatodeestudiantes.net